



Plácido Álvarez Dobaño, na súa condición de voceiro/deputado do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE A ELABORACIÓN DUN ESTUDO URXENTE PARA A PREPARACIÓN DE FRANXAS DE BIOMASA COMO MEDIDA DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DOS CONCELLOS**, para o seu debate no pleno da corporación , tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As especiais condicións meteorolóxicas que está a sufrir a provincia de Ourense desde principios de ano, cun importante déficit de precipitacións que está a provocar unha grave seca, fai prever situacións de enorme risco de incendio forestal nos próximos meses.

O labor de prevención de incendios forestais ten nos nosos montes un dos seus obxectivos prioritarios, pero tamén compre prestar especial atención á protección dos núcleos rurais contra o lume, moitas veces en perigo pola proximidade de árbores e matogueira.

É necesario adoptar a curto prazo actuacións que controlen a existencia de biomasa con alto potencial combustible preto dos núcleos de poboación, instalacións industriais e de recreo, asegurando a súa retirada con anterioridade a época de perigo de incendios. Neste sentido, a Lei 3/2007 do 9 de abril xa incorpora a xestión da biomasa a través do establecemento de redes de xestión, sentado as bases para unha nova actuación que ten por meta a protección e seguridade das persoas.



Grupo Provincial **Popular**

A Deputación de Ourense ven de colaborar coas administracións locais da provincia en tarefas de roza, así como coa administración autonómica facilitando maquinaria desta institución nos traballos de extinción de incendios cando así se require.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Deputación a adopción do presente.

ACORDO:

“Abrir unha liña de cooperación co goberno autonómico en materia de prevención de incendios coa elaboración dun estudo urxente para a preparación de franxas de biomasa como medida de protección contra incendios forestais nos núcleos de poboación dos concellos”.

Ourense, 15 de xuño de 2017

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE